

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 5 de decembro de 2019**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o cinco de decembro do ano dous mil dezanove, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

Deputados/as:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes:

D. José Manuel Baltar Blanco

D.^a Luz Doporto Real

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA URXENTE DO DÍA 22 DE NOVIEMBRE DE 2019.- A Secretaría

Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria urxente do día 22 de novembro de 2019.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade,

adopta o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión extraordinaria urxente do día 22 de novembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE PAZOLANDIA 2019-2020.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Establece-lo seguinte prezo público para a entrada ó parque de atraccións para nenos “Pazolandia”: *4,00 € (IVE incluído) para o público en xeral, e 3,00 € (IVE incluído) para as persoas que accedan en viaxes promovidas polos concellos da provincia.*

Segundo: Nos restantes aspectos non previstos neste acordo, estarase ó disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación de tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense (*BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014*).

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL 18/POS/2019, NO TERMO MUNICIPAL DE CALVOS DE RANDÍN.- O Pleno provincial, na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2019, adoptou acordo de aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019.

A técnica do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio emite un informe favorable, con data 25 de novembro de 2019, en relación coa solicitude formulada polo Concello de Calvos de Randín, de modificación dos investimentos incluídos no plan para a súa execución no respectivo termo municipal e tendo en conta o disposto na base 4ª relativa ás modificacións en obras municipais para tramitar con posterioridade á aprobación definitiva.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019 no relativo ó Concello de Calvos de Randín, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Rehabilitación edificio reitoral para centro de día”-, a obra denominada “Acondicionamento de camiños e estradas de Vilar, Randín, Rubiás, Rioseco, Feás...” co número 18/POS/2019, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €.

4.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E/OU DE AUTOEMPREGO EN MUNICIPIOS RURAIS EN DECLIVE DEMOGRÁFICO DA PROVINCIA DE OURENSE DURANTE O EXERCICIO 2019, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.

A Área de Benestar, con data 26 de novembro de 2019, emitiu un informe en relación coas solicitudes conformes presentadas á convocatoria de subvencións para proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU, financiado polo programa operativo de emprego xuvenil do fondo social europeo (axudas EMP-POEJ) (BOP n.º 121, do mércores día 29 de maio de 2019).

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Denegarllles subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas identificadas e pola causa que se recolle a continuación:

N.º	DNI	CAUSA
1	***8834**	<i>Incumprimento dos requisitos da base segunda ("desenvolver actividades profesionais por conta propia nalgún dos municipios recollidos no anexo I, a partir do 8 de xaneiro de 2019")</i>

2º.- Concederllles subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

N.º	DNI	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL	IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN
1	***2216**	TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA	12 MESES	675€	8.100€
2	***6304**	ALBAÑILERÍA E PEQUENOS TRABALLOS	12 MESES	675€	8.100€

		CONSTRUCCIÓN			
3	***8566**	ENSINANZA FORA DE ESTABLECEMENTO PERMANENTE	12 MESES	675€	8.100€

5.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS OURENSÁNS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS DURANTE A TEMPORADA DEPORTIVA 2018-2019.-

A Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense elaborou as bases e convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada deportiva 2018-2019.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada deportiva 2018-2019, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2018 - 2019, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva e incentivar aos deportistas ourensáns cualificados mediante o recoñecemento da súa traxectoria e rendemento deportivo.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións obxecto destas bases as persoas físicas que sexan deportistas federados, de categorías de base ata absoluta, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto, os practicantes de deportes de equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Que posúran ficha federativa por algún club deportivo da provincia de Ourense durante a temporada 2018-2019.

b) Aqueles deportistas que non posúan licenza federativa por ningún club ourensán na temporada 2018-2019 pero, malia o anterior, se mantivesen vinculados ao deporte ourensán durante esa temporada, sempre que exista unha causa xustificativa do feito de que non dispoñan de licenza federativa nun club ourensán, como a inexistencia de clubs ourensáns desa disciplina ou especialidade deportiva, a inadecuación destes clubs para o seu nivel de rendemento deportivo ou a necesidade de residir fóra de Ourense por motivos familiares, laborais ou académicos, ou calquera outra causa que xustifique a dita circunstancia.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 30.000,00 euros.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

As subvencións terán unha contía máxima de 3.000,00 euros por solicitante. Poderán concederse subvencións de diferente contía, en función dos méritos e categoría dos deportistas solicitantes.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (norma que se mantén vixente de conformidade co establecido na Disposición Derrogatoria única, apartado 2, parágrafo último, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación

<http://www.sede.depourense.es/>

Quinta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 15 de xaneiro de 2020, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación avaliable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e avaliable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a. 1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a. 2) No caso de que a solicitude sexa presentada a través de representante, deberá achegarse autorización escrita asinada polo interesado, autorizando ao dito representante para solicitar a subvención ou axuda. Non será precisa esta autorización no caso de solicitudes de menores de idade subscritas polo pai, nai ou titor legal.

a. 3) Os solicitantes incluídos na letra a), da base segunda, deberán achegar a licenza do club deportivo da provincia de Ourense ao que pertencen.

a. 4) Os solicitantes incluídos na letra b), da base segunda, por inexistencia de clubs ourensáns da súa disciplina ou especialidade deportiva, deberán achegar certificación emitida polo órgano correspondente da federación competente, acreditativa desta circunstancia, e a licenza federativa do club ao que pertencen.

a. 5) Os solicitantes incluídos na letra b) da base segunda por causas diferentes á sinalada no parágrafo anterior deberán achegar unha declaración responsable onde conste a causa xustificativa de que non posúan licenza federativa nun club ourensán. Presentarán, ademais, a licenza federativa do club ao que pertencen.

En todo caso, nos supostos a que se refire este apartado a.5) a Deputación Provincial, durante a instrución do expediente, poderá requirir-lles aos solicitantes a presentación de documentación adicional que de xeito motivado se estime necesaria para unha correcta

acreditación da circunstancia xustificativa de que se trate, concedéndolle ao interesado un prazo de dez días hábiles para tal efecto.

a.6) Declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración deberá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

A declaración poderá ir subscrita polo solicitante ou polo seu representante legal, pai, nai ou titor.

a.7) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

A declaración poderá ir subscrita polo solicitante ou polo seu representante legal, pai, nai ou titor.

a.8) Aqueles peticionarios que non presentaran resultados deportivos nos meses anteriores ao final do prazo de presentación das solicitudes, por mor dunha lesión ou enfermidade que impedira a súa participación na competición, deberán presentar certificado médico que acredite a lesión que padecen.

a.9) Autorización, segundo o modelo anexo IV, para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso da publicación da proposta provisional de resolución e do acordo de resolución do concurso. A presentación deste documento non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude e ao acordo de resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web da Deputación, e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 6ª e 10ª, respectivamente.

a.10) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o seu DNI ou documento equivalente de acreditación da súa identidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das

plataformas de intermediación de datos das administracións públicas. Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar o seu DNI ou documento equivalente coa solicitude. **A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.**

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

Méritos deportivos recollidos no anexo V. Para os efectos desta convocatoria, a temporada enténdese comprendida entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019. É obrigatorio cubrir completamente todos os apartados do anexo V da convocatoria, excluíndose da valoración aqueles apartados que non veñan debidamente cubertos e asinados pola federación deportiva correspondente. Para estes efectos, o anexo deberá vir certificado pola Secretaría da federación galega correspondente acreditando que os méritos deportivos alegados son certos. No caso de que o anexo se emita en documento en papel, a sinatura e selo da Secretaría da Federación debe figurar en cada folla.

Naqueles supostos nos que o anexo V, acreditativo dos méritos do deportista e certificado pola federación galega correspondente, se rexistre de entrada fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria para a presentación de solicitudes de subvención, será inadmitido a trámite, salvo que o solicitante acredite que presentou o escrito de solicitude dos méritos ante a federación galega en prazo.

En todo caso, a efectos informativos e co fin de facilitar a xestión do procedemento, recoméndase aos interesados que soliciten a certificación da federación deportiva con antelación suficiente.

Ademais, e con carácter exclusivamente informativo, o solicitante poderá incorporar toda aquela documentación que enriqueza o seu expediente, como recortes de prensa, dossier persoal, páxinas web, fotos, etcétera. Neste senso, faise constar que a dita documentación adicional deberá presentarse en tamaño folio A4, e cun máximo de 5 folios.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a

documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática se admitirá a presentación de copias.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

Quinta 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, a fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Quinta 5: Regras de presentación telemática da documentación esixible:

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, deberán proceder a cubrir a solicitude e os anexos I, II, III e, se o desexan, IV, que estarán dispoñibles na sede electrónica.

b) En segundo lugar, deberán proceder a dixitalizar e incorporar á solicitude o resto de documentación esixible conforme á base quinta.3. En canto ao documento anexo V, poderá obterse na propia sede e unha vez impreso, asinarse e selarse pola secretaría da Federación e dixitalizarse posteriormente.

c) Unha vez cubertos a solicitude e os anexos I, II, III e IV, e achegado o anexo V asinado e selado pola Federación, así como o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura

electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta 6: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, e sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado no apartado 3.a).5 desta base, a documentación **avaliabile** non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de Protección dos Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu Presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: DPO@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante

reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas se manterán durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparse a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da práctica deportiva e incentivo aos deportistas ourensáns cualificados) perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e

Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de se-lo caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación avaliable, sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado na base quinta.3, apartado a).5.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais para o ano 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 9, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como escrito de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e unha vez instruído o expediente pola Sección de Subvencións, este pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos peticionarios que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto dos peticionarios, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

3. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio no taboleiro de anuncios

electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais durante a temporada 2018 - 2019. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a), non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

Oitava.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O deputado delegado de facenda.

Vogais:

A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, ou funcionario/a que legalmente a substitúa, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Se é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As actuacións da comisión documentaranse en acta, que será asinada polo Presidente e pola Secretaria.

Novena.- Criterios para a concesión de subvencións:

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración observará os seguintes criterios:

1) Ter sido beneficiario destas subvencións durante o pasado ou pasados exercicios, pola continuidade que deben ter estas axudas.

2) Ter participado en campionatos galegos convocados polas súas respectivas federacións.

3) Ter participado en campionatos de España convocados polas súas respectivas federacións.

4) Ter participado en campionatos de Europa convocados polas súas respectivas federacións.

5) Ter participado en campionatos do mundo convocados polas súas respectivas federacións.

6) Ter participado en xogos olímpicos.

7) Ter sido seleccionado coa Selección Galega para probas oficiais.

8) Ter sido seleccionado coa Selección Española para probas oficiais.

9) Ter participado noutras competicións relevantes como Copas do Mundo, Campionatos de España Universitarios, Universiadas, Xogos Mediterráneos ou competicións de similares características.

10) Ter a consideración durante esta temporada de “deportista galego de alto nivel e/ou deportista nacional de alto nivel.

11) Tamén se valorará a permanencia en centros de alto rendemento e tecnificación nacionais ou autonómicos, ou a participación en xornadas ou concentracións nacionais.

12) A traxectoria do deportista nas últimas tempadas que permita coñecer a progresión deportiva do solicitante.

13) Posuír outras especiais circunstancias deportivas, razoando de xeito motivado en que consisten.

Os criterios referenciados anteriormente valoraranse para cada deportista, adxudicándose as puntuacións que se indican conforme ao baremo que se sinala a continuación :

A) Ter sido beneficiario destas axudas en edicións anteriores:

4 puntos cada vez que estivo incluído no grupo primeiro.

3 puntos cada vez que estivo incluído no grupo segundo.

2 puntos cada vez que estivo incluído no grupo terceiro.

1 punto cada vez que estivo incluído no grupo de axudas extraordinarias.

B) Participación en campionatos, outras competicións relevantes e en rexistros de deportistas:

Este apartado avaliará:

B.1 .- Os resultados obtidos polo deportista nas diferentes competicións autonómicas, estatais ou internacionais.

B.2.- A súa inclusión nas seleccións oficiais correspondentes.

B.3.- A súa inclusión nos rexistros oficiais de deportistas autonómico ou/e estatal e a permanencia en centros de alto rendemento e tecnificación nacionais ou autonómicos, ou a participación en xornadas ou concentracións nacionais.

Asignaranse as puntuacións do xeito seguinte, ata os máximos indicados en cada caso:

Campionato Galego

Categoría	Olímpica				Non olim.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Senior	45	30	23	8	20	10	5	2
Junior	30	15	8	3	10	5	3	1
Base	15	8	5	2	5	3	1	0

Campionato España

Categoría	Olímpica				Non olim.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Senior	90	75	60	45	30	20	15	10
Junior	60	45	30	15	20	15	10	5
Base	30	23	15	8	10	5	3	1

Campionato Europa

Categoría	Olímpica				Non olim.			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Senior	150	135	120	90	60	50	40	30
Junior	90	75	60	45	40	30	20	10
Base	45	30	15	8	20	10	5	2

Campionato Mundo

Categoría	Olímpica				Non olímpica			
	Campión	Podio	10 prim.	Particip.	Campión	Podio	10 prim.	Particip.
Senior	300	225	150	115	100	80	60	50
Junior	150	120	90	75	60	50	40	30
Base	90	75	60	45	40	30	20	10

Xogos Olímpicos

Disciplinas olímpicas: Ata 500 p. (soamente en anos olímpicos)

Outras competicións relevantes.

Categoría	Olímpica	Internac.	Estatal		Non olim.	Internac.	Estatal	
	Podio	Participa.	Podio	Particip.	Podio	Participa.	Podio	Particip.
Senior	70	45	30	25	30	20	15	10
Junior	55	30	25	15	20	15	10	5
Base	30	23	15	8	10	5	3	1

Selección Galega

Disciplinas olímpicas: Senior (ata 45 p.) Junior (ata 30 p.) Base (ata 15 p.)

Disciplinas non olímpicas: Senior (ata 20 p.) Junior (ata 10 p.) Base (ata 5 p.)

Selección Española

Disciplinas olímpicas: Senior (ata 90 p.) Junior (ata 60 p.) Base (ata 30 p.)

Disciplinas non olímpicas: Senior (ata 30 p.) Junior (ata 20 p.) Base (ata 10 p.)

Inclusión en rexistros oficiais de deportistas

Deportista galego de alto nivel: 300 puntos

Deportista nacional de alto nivel: 300 puntos

- **Estancia en centros e xornadas de tecnificación deportiva**

Estancia en centros nacionais: 50 puntos

Estancia en centros autonómicos: 30 puntos

Participación en xornadas de tecnificación deportiva nacionais: ata un máximo de 10 puntos.

C) Traxectoria do deportista

Este apartado avaliará a traxectoria do deportista nas últimas catro temporadas. As puntuacións asignaranse en atención aos criterios seguintes:

A valoración realizarase polos datos obtidos do anexo correspondente, por resultados deportivos dos últimos catro anos, e de conformidade cos seguintes aspectos:

1. A todo deportista que presente unha traxectoria descendente, ou que non presente unha participación en campionatos oficiais, galegos ou nacionais, no último ou últimos anos, asignaráselle 0 puntos.
2. Os deportistas que manteñan unha traxectoria de resultados relevantes a nivel galego nos últimos anos, serán valorados con ata 50 puntos, en función da súa categoría. (20-30-50)
3. Os deportistas que presenten unha traxectoria de resultados relevantes que supoñan unha proxección nacional, serán valorados con ata 75 puntos en función da súa categoría.(40-60-75)
4. Por último, os deportistas que presenten unha traxectoria de resultados relevantes que supoñan unha proxección internacional, serán valorados con ata 100 puntos, en función da categoría.(50-75-100)

Na valoración deste apartado C) terase en consideración o reflectido polo solicitante nesta temporada. Non deberá haber unha asignación automática de puntos neste apartado, se non hai unha confirmación de resultados deportivos nesta temporada.

D) Outras especiais circunstancias deportivas

Neste apartado a comisión avaliadora poderá puntuar de xeito razoado, e ata un máximo de 40 puntos, aquelas especiais circunstancias deportivas que teñan difícil encaixe nos apartados anteriores.

E) Regras de aplicación de determinados criterios de valoración:

E.1.- En relación coas categorías deportivas por idades:

En relación con este aspecto, e ante a enorme dificultade e diversidade de categorías das distintas disciplinas deportivas, establécese, a este respecto, a seguinte catalogación xeral:

Senior: categoría absoluta da modalidade.

Junior: categoría inmediatamente inferior a senior. Nalgunhas federacións será junior, pero noutras a denominación é “xove”, “promesa”, “xuvénil” “sub 19” “sub-23” etcétera.

Base: todas as etapas de formación anteriores a junior e senior

Á Comisión de Valoración corresponderalle, no caso de dúbidas, determinar en cal das tres categorías se incluíra o deportista solicitante.

E.2.- En relación coa inclusión no apartado de seleccións:

Só se terá en consideración a inclusión nas seleccións galega ou española, puntuándose unha soa vez por temporada deportiva.

No caso de acreditar convocatoria nas dúas seleccións, unicamente se valorará a de maior puntuación.

E.3.- En relación coa puntuación dos campionatos galegos ou/e españois

Co fin de unificar criterios para todas as federacións e dada a diversidade, heteroxeneidade e tipoloxía de campionatos nacionais e autonómicos, soamente se terá en consideración exclusivamente un só resultado, o mellor, por deportista, por campionato e por temporada deportiva.

Esta regra responde á existencia de federacións de disciplinas deportivas que realizan un campionato de inverno e outro de verán, de ámbito nacional e autonómico. Pola contra, outras federacións só realizan un anual.

E.4.- En relación coa consideración de resultados individuais:

Só se terán en consideración resultados individuais no apartado de competicións, e traxectoria deportiva. Non se valoran probas de conxunto ou grupo. Por exemplo, nas probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, ou supostos análogos.

Pola contra, incluíranse os resultados colectivos no apartado de “formar parte de seleccións galega ou española” cando figuren os resultados de competicións formando parte dalgunha delas.

En todo caso, para ter en consideración algún resultado, terán que participar polo menos dez deportistas na competición de que se trate

F.- Puntuación mínima e clasificación en grupos:

Unha vez coñecida a puntuación final, a Comisión de Valoración, en atención ao número de solicitudes presentadas, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións.

Para o outorgamento de axudas, establécese unha clasificación en grupos, en atención á importancia e categoría dos deportistas baremados e a puntuación obtida, para os únicos

efectos de determinar as contías das subvencións, asignando unha contía fixa por grupo (1º, 2º, 3º e axudas extraordinarias).

Décima.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

As axudas entenderanse aceptadas, agás que os beneficiarios comuniquen expresamente o seu rexeitamento no prazo de dez días desde a publicación do acordo de resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo primeira.- Publicidade do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de

Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais para o ano 2019, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª apartado 3a) punto 9, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda: Xustificación e pago da subvención:

As subvencións consideraranse xustificadas coa achega da certificación acreditativa dos méritos deportivos alegados, requirida na documentación para a valoración da solicitude, na base quinta, apartado b) .

Sen prexuízo do anterior, a Intervención da Deputación poderá realizar as oportunas funcións de inspección e control financeiro, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

O pago das subvencións realizarase mediante a entrega do correspondente talón nominativo por parte do presidente da Deputación Provincial de Ourense, nun acto público, cuxo lugar e data de realización se lles comunicarán oportunamente aos beneficiarios.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

1. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles:
 - a) Con calquera outra axuda ou patrocinio público ou privado que poidan recibir os deportistas.
 - b) Con calquera subvención pública que teña unha finalidade diferente, sen prexuízo do establecido no apartado 2.
 - c) Con subvencións públicas para a mesma finalidade, sempre que sexan concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do INORDE.

2. Sen prexuízo do anterior, ningún deportista individual poderá recibir da Deputación Provincial de Ourense ou do INORDE subvencións durante o exercicio 2020 que, en conxunto, sumen un importe superior a 3.000 euros, polo que, se é o caso, na resolución desta convocatoria se axustará o importe concedido das subvencións que correspondesen para que non se exceda o dito límite.

No suposto de que as subvencións xa concedidas pola Deputación ou o INORDE tivesen un importe igual ou superior a 3.000 euros, non procederá a concesión de subvención ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que a resolución do concurso poida proceder a un recoñecemento formal do mérito deportivo do solicitante.

Décimo quinta.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

Décimo sexta.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.- Os anexos ós que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos na Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aproba-la convocatoria das referidas bases e ordena-la súa publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

6.- SUBVENCIÓN A DON VÍCTOR PRIETO CRUZ PARA A MASTERCLASS

JULIO 2019. VI EDICIÓN.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aproba-lo expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ó ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12 unha subvención nominativa, polo importe de 9.680 euros, a favor de don Víctor Prieto Cruz, para a masterclass julio 2019. VI edición.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo beneficiario cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención a don Víctor Prieto Cruz, nos seguintes termos:

-Importe: 9.659,59 €.

-Obxecto: Masterclass Julio 2019- VI Edición.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (9.659,59 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a

realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019.

O dito prazo terá carácter improrrogable.

7.- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL O SON DE TREVINCA PARA A RECUPERACIÓN DO ENTROIDO.

- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12 unha subvención nominativa, por importe de 6.500 euros, a favor da Asociación Cultural O Son de Trevinca, para recuperación Entroido.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención á Asociación Cultural O Son de Trevinca, nos seguintes termos:

-Importe: 6.500 €.

-Obxecto: Recuperación Entroido.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a

realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (6.500 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo

máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019.

O dito prazo terá carácter improrrogable.

8.- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE DISMINUIDOS PSÍQUICOS DE VALDEORRAS (ASFAVAL) PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2019.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/489.00 unha subvención nominativa, por importe de 4.500 euros, a favor da Asociación de Disminuidos Psíquicos de Valdeorras (ASFAVAL), para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, así como da presentación do programa da actividade para realizar. Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención á Asociación de Disminuidos Psíquicos de Valdeorras (ASFAVAL), nos seguintes termos:

-Importe: 4.500 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2019.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago

da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 27 de decembro de 2019.

O dito prazo terá carácter improrrogable.

9.- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, GANDEIROS E AGRICULTORES DA LIMIA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2019.-

No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/489.00 unha subvención nominativa, por importe de 12.000,00 euros, a favor da Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia, para gastos de funcionamento e actividades 2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, así como da presentación do programa da actividade para realizar. Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención á Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (ADEGAL), nos seguintes termos:

-Importe: 12.000 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento e actividades da entidade correspondentes ao ano 2019.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (27.660,52 euros). No suposto en que só se

xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerárase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019.

O dito prazo terá carácter improrrogable.

10.- SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRO CALDELAS PARA SANEAMENTO DO NÚCLEO DOS ESPÍÑEIROS E ARRANXO DE REDES VIARIAS NOS NÚCLEOS DA POLA, VENTOSA, REAL DA POUSA, MONTEMIAU E PENELAS.-

No Pleno, con data 26 de abril de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 3/2019 de modificación dos créditos orzamentarios, e con cargo á aplicación 450.12/762.01 prevese unha subvención nominativa a favor do Concello de Castro Caldelas, por importe de 50.000 euros, para saneamento do núcleo dos Espiñeiros e arranxo de redes viarias nos núcleos de A Pola, Ventosa, Real da Pousa, Montemiau e Penelas.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude presentada pola alcaldesa do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención ó Concello de Castro Caldelas, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000 euros.

-Obxecto: Saneamento do núcleo dos Espiñeiros e Arranxo de redes viarias nos núcleos de A Pola, Ventosa, Real da Pousa, Montemiau e Penelas.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.-Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe dos proxectos que serviron de base para a concesión da subvención (50.000€), correspondendo :
 - A Saneamento do núcleo dos Espiñeiros 6.300 euros, e ao Arranxo de redes viarias nos núcleos de A Pola, Ventosa, Real da Pousa, Montemiau e Penelas 43.700 euros.
- 4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.-Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da

Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de xaneiro 2020.

11.- SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL CONSO FRIEIRAS PARA O PROXECTO IDAE.-

No Pleno, con data 28 de setembro de 2018, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2019, e con cargo á aplicación 76301/45012, a cantidade de 40.000 euros a favor da Mancomunidade Intermunicipal Conso Frieiras, para Proxecto IDAE.

No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 45012/76301 unha subvención nominativa, por importe de 60.000,00 euros, a favor da Mancomunidade Intermunicipal Conso Frieiras, para o mesmo fin.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude presentada polo representante da mencionada entidade (na que figura un proxecto por importe de 499.331,69 €, unha axuda por importe de 399.465,36 € e que as dúas axudas da Deputación suman 100.000 €, procede a redución desta no importe de 133,67) cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta favorable, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención á Mancomunidade Intermunicipal Conso Frieiras, nos seguintes termos:

-Importe: 99.866,33 euros.

-Obxecto: Proxecto IDAE.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención (499.331,69 €), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.-Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.-Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2019.

12.- SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE CONCELLOS DA COMARCA DE OURENSE PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2019.- No Pleno, con data 28 de setembro de 2018, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2019, e con cargo á aplicación 45012/46300, a cantidade de 20.000 euros a favor da Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude presentada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha subvención á Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000 euros.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2019.

Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.
- 4.-Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.-Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.-Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades

loais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019

O dito prazo terá carácter improrrogable.

13.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e vinte minutos, do referenciado día cinco de decembro do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.